



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

ACTA Nº 12/2016

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA TRINTA DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

En Ordes, a trinta de novembro de dous mil dezaseis.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA Mª SONEIRA LIÑARES
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- SILVIA MARÍN PEREIRO
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- VERÓNICA GÓMEZ FUENTES

Non asiste

- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 26/10/2016.

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria de data 26/10/2016, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

A acta da sesión ordinaria, de data 26 de outubro de 2.016, resultou aprobada, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación.

PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se da conta de ningunha actuación municipal.

PUNTO TERCEIRO: APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DEL NÚCLEO RURAL DE IGREXA-VILAMAIOR, ORDES.

Expediente de aprobación do Plan Especial de ordenación do núcleo rural de Igrexa-Vilamaior .

Visto o disposto no art. 72 e art. 87 da Lei 9/2002, de 30 de decembro.

Visto que durante o trámite de información pública mediante anuncios publicados no DOG nº 107, de data 07/06/16, e en “La Voz de Galicia” e “El Correo Gallego”, de datas 08/06/2016, non se presentou alegación algunha.

Visto o informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 18/10/12, expdte. 2016/987.

Visto o disposto nos arts. 82, 87 e 88 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que xa manifestaron na Comisión Informativa que igual era un paso innecesario. Nesta vía fixéronse polo concello unhas beirarrúas que resultou na ampliación do ancho do vial. As normas subsidiarias do ano 1996 en función do ancho da vía segundo onde enteste, nunha estrada superior ben da Deputación, nacional ou autonómica, sería considerada como unha vía tipo IV 1ª orde, polo que a liña límite de edificación estaría nos 8,00 m dende o eixo do camiño, tamén as vías que teñan un ancho superior a 6,00 m. Que foi o que aconteceu nese tramo onde se ancheou a vía. Para eles o que hai que facer é considerar no seu conxunto esa vía, que non tiña ese ancho de 6,00 m. debendo considerarse como unha vía tipo IV 2ª orde. Co que a aliñación coincidiría practicamente coa dos panteóns existentes. É unha cuestión de interpretación das normas subsidiarias. Para eles poderíase aforrar todo este trámite. Para evitar retrasar máis tempo aos veciños e que poidan executar eses panteóns finalmente van a votar favorablemente.

Intervén o Sr. González Santos, en representación do grupo político UxO, que sinala que os informes técnicos son favorables. Votarán a favor.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que vistos os informes dos técnicos municipais, a calidade técnica da ordenación proxectada e a súa conformidade coa lexislación urbanística, que se leve adiante a súa aprobación o máis axiña posible para dar unha resposta aos veciños de Vilamaior que levan tempo esperando.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º. Aprobar definitivamente o Plan especial de ordenación do núcleo rural de Igrexa-Vilamaior, Ordes, promovido pola Asociación veciñal da parroquia de Vilamaior.

2º.- Publicar o acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia.

3º.- Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a efectos da inscrición do instrumento de planeamento no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

PUNTO CUARTO: ALTERACION, SE PROCEDE, CALIFICACION XURIDICA COMO BEN DE DOMINIO PUBLICO (EDIFICIO XULGADOS DE ORDES).

Expediente de alteración da calificación xurídica como ben de dominio publico (edificio xulgados de Ordes).

Visto o disposto no art. 8.2 del R. D. 1372/1986, de 13 de xuño.

Visto o ditame favorable da Comisión informativa de obras e urbanismo.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de alteración da cualificación xurídica como ben de dominio público, uso/servizo público, cualificándoo como ben patrimonial, o edificio dos Xulgados de Ordes, no Campo da Feira, Ordes.

Superficie edificio Xulgados: 478,82 m2.

Superficie aceiras ao redor dos Xulgados: 363,32 m2.

Superficie zona axardinada ao redor dos Xulgados: 92,98 m2.

SUPERFICIE TOTAL: 935,12 m2.

LINDEROS: Norte, Campo da Feira rúa no medio; Sur, Campo da Feira; Leste, rúa do Muíño; Oeste, Escola Municipal de Música, rúa no medio.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

2.- Abrir un trámite de información pública, por prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao de publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal os interesados poderán consultar o expediente na Secretaría Municipal e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se presente reclamación algunha, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

PUNTO QUINTO: SOLICITUDE, SE PROCEDE, CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA AUTORIZACIÓN PREVIA PARA DEDICAR A ESCOLA UNITARIA DE MERELLE A USOS OU SERVIZOS DE CARÁCTER LOCAL.

Visto que como consecuencia da diminución do número de alumnos matriculados para manter en funcionamento a escola unitaria de Merelle, Ordes, pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no curso 2016-2017 procedeuse ao seu clausura. Ben inmueble que é de titularidade do Concello de Ordes.

Visto que cando os inmobles nos que se sitúan as escolas unitarias deixen de ser necesarios para o servizo público de ensino poderá solicitarse o seu desafectación deste servizo público para o seu destino a usos ou servizos públicos de carácter local, o que contribuiría a dotar de maiores servizos a estes núcleos rurais, así como ao mantemento da súa poboación.

Visto o disposto no art. 1.1 e 2.1 do Real Decreto 605/1987, de 10 de abril (BOE nº 111, de data 09/05/1987), nos que se regula o procedemento de autorización previa á desafectación de edificios públicos escolares de propiedade municipal.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 1 grupo mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Solicitar da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria autorización previa para dedicar a escola unitaria de Merelle deste municipio a usos ou servizos de carácter local.

PUNTO SEXTO: NOMEAMENTO, SE PROCEDE, FILLA PREDILECTA DO CONCELLO DE ORDES ISABEL ZENDAL GÓMEZ.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, concelleira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, en calidade de instrutora do expediente de nomeamento de Filla Predilecta do Municipio de Ordes de Isabel Zandal Gómez, que da lectura á proposta que se transcribe a continuación:

“I.- Jesús J. M. Pedreira Mirás, concelleiro do grupo mixto (PsdeG-PSOE), na sesión Ordinaria do pleno do concello, de data 29 de xaneiro de 2015, presentou unha moción para que



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

se lle outorgase a Isabel Zendal Gómez o título de filla predilecta a título póstumo, cuxo texto era o seguinte:

“Durante moitos anos, a orixe e mesmo o nome de Isabel Cendal Gómez estiveron rodeadas de moita confusión, pois mesmo se chegou afirmar que era de orixe vasca, irlandesa ou inglesa. As cartas do propio doutor Balmis mesmo puxeron en dúbida o seu apelido, pois se refire a ela como Sendalla, Zendalla, Sandalla, Gandalia ... Novos documentos atopados polo investigador Antonio López permitiron descubrir que Isabel Zendal Gómez naceu en Santa María de Parada (Ordes) en febreiro de 1773, filla de Jacobo Zendal e de Maria Gómez, matrimonio que tivo outros sete fillos máis (catro dos cales morreron antes de cumprir o ano de vida).

A confirmación da orixe ordense de Isabel Zendal figura tanto no Libro de altas e baixas de Enfermos do Hospital da Caridade (Arquivo Histórico Municipal da Coruña) como no Libro de Bautismos nº 1 do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Segundo o Libro de Difuntos nº 7 do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, a familia Zendal Gómez era pobre de solemnidade e mesmo non tiñan onde soterrarse, polo que tanto a súa nai como o seu pai recibiron sepelios de caridade.

Isabel Zendal, nai solteira dende 1796, entrou a traballar como rectora da Casa de Expósitos da Coruña no ano 1800 cun salario mensual de 50 reais e o pago en especies dunha libra diaria de pan. O 30 de novembro de 1803 zarpa dende A Coruña a bordo da corveta María Pita na Expedición Filantrópica do doutor Francisco Xavier Balmis para facerse cargo dos 22 nenos galegos que trasladaron nos seus brazos a vacina da viruela a América, así como dos 25 nenos que viaxaron posteriormente dende México a Filipinas durante dez anos, levou a vacina da varíola dende o norte de México ata o sur de Chile e dende Acapulco a Filipinas, Cantón, Macao, Santa Elena e Lisboa, dando así a volta ao mundo por mar. Unha vez rematada a expedición, Isabel quedou a vivir en Puebla (México) co seu fillo.

A Presidencia da República de México outorga anualmente e dende 1975 a medalla ao mérito en enfermería "Isabel Cendala Gómez" e deulle o seu nome á Escola de Enfermería de San Martín de Texmelucan (Puebla), xa que está considerada como a primeira enfermeira da historia da saúde pública de México e a Organización Mundial da Saúde a ten recoñecida como a primeira enfermeira da historia en misión internacional.

Por tanto consideramos que no caso de Isabel Zendal concorren de sobra todos os requisitos esixidos no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Ordes para que se lle outorgue o título de filla predilecta a título póstumo. Deberá ser recordada cunha placa conmemorativa no lugar da Grela (Parada), de onde era orixinaria Isabel Zendal, aínda hai unha vivenda que se coñece como a Casa de Xacobe, como se chamaba o seu pai.

Pensamos que o seu nome ten que estar presente no parque Félix Rodríguez de la Fuente pola súa estreita vinculación cos nenos, primeiro na Casa de Expósitos da Coruña e despois durante eses dez anos que durou a Expedición Filantrópica", explica Xesús Pedreira, quen lembra que “na Grela”.

Polo que, en condición de voceiro municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte ou seguinte acordo:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

1. Que o Concello de Ordes outorgue a Isabel Zendal Gómez o título de filla predilecta a título póstumo.
2. Instalación dun monolito conmemorativo no parque infantil Félix Rodríguez de la Fuente.
3. Colocación dunha placa conmemorativa no lugar da Grela, Parada lugar de nacemento”.

II.- O Pleno do Concello en sesión ordinaria, de data 26/02/2015, acordou iniciar expediente de nomeamento de Isabel Zendal Gómez como Filla Predilecta, a título póstumo, deste Municipio, designado a D^a. Silvia Marín Pereiro, 1^a Tenente de Alcalde, como instrutora do expediente.

III.- O Pleno do Concello en sesión ordinaria, de data 23/02/2016, acordou designar como nova instrutora do expediente a D^a. Verónica Gómez Fuentes, concelleira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE.

IV.- Por Antonio Alfredo López Mariño, historiador e xornalista, realizouse un amplo traballo de investigación no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela, no Arquivo Provincial de A Coruña e no Arquivo Municipal de A Coruña, para acreditar que Isabel Zendal Gómez, é natural de Santa María de Parada, Ordes.

Co fin de premiar especiais merecementos, destacados servizos ou beneficios sinalados para este Municipio, e co de dar unha proba da alta estimación da que se fan acredores méritos, cualidades ou circunstancias singulares merecedoras do público agradecemento hacia os seus autores, o Concello de Ordes instituíu entre outros honores e distincións o nomeamento de Fillo Predilecto de Ordes.

Considerando a importante contribución realizada por Isabel Zendal Gómez na loita contra a varíola, unha das epidemias que máis mortes causou na historia da humanidade, ao ser a responsable directa, nas travesías por barco e nos desprazamentos por terra da Real Expedición Filantrópica da Vacina (REFV), do coidado, asistencia e aseo dos 22 nenos portadores do remedio da varíola a América, converténdose así na primeira enfermeira de saúde pública en misión internacional, e por cuxa labor ten alcanzado unha indiscutible consideración no ámbito público, como proba a concesión do Premio Enfermería en Desenvolvemento 2016, por todo elo, como instrutora do expediente propoño ao pleno do concello o outorgamento a Isabel Zendal Gómez, natural de Santa María de Parada, Ordes, o título de filla predilecta a título póstumo”.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que a maiores a proposta que leu anteriormente, quere dicir tres cousas. A primeira que a pesares de que se lle vaia a outorgar o nome de Isabel Zendal Gómez ao próximo centro sociocomunitario. Quere que se recollan tamén as peticións dos seu grupo político. Que na Grela no seu lugar de nacemento se coloque unha praca conmemorativa, incluso se compromete a facilitar esa información e indicar o lugar onde naceu. Tamén lle gustaría que tivese un monolito ou algún recoñecemento no parque Félix Rodríguez de la Fuente, como pedían na súa moción, e por unha razón, por que os nenos foron a súa vida, e por tanto cree que ten que estar agora rodeada diso, de nenos e nenas. O segundo o seu público agradecemento a dúas persoas fundamentais, ao que



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Ile manda todo o seu agradecemento, Antonio López Mariño, por que foi unha persoa fundamental na instrución deste expediente, sen o seu traballo e a súa aportación nada disto sería posible. A súa investigación e informe, con corenta e catro documentos probatorios. Tamén o seu agradecemento ao seu compañeiro, Sr. Pedreira Mirás, que foi quen iniciou neste concello e trouxo á vida pública a figura de Isabel Zandal Gómez dende o ano 2015, inclusive fixo unhas xornadas para dar a coñecer aos veciños de Ordes a vida desta excepcional muller. Por todo iso pide un aplauso para estas dúas persoas por ser fundamental a súa aportación para hoxe adoptar este acordo plenario. Por último dicir que se sente profundamente orgullosa e satisfeita deste traballo, foron moitas horas. Ela tamén ten mérito, no pleno de febreiro asumiu a responsabilidade da instrución deste expediente de recoñecemento público. Nese pleno o Sr. Alcalde dixo que os sete concelleiros do goberno declinaban ser instrutores dese expediente. Algo ten que ver nisto por que si naquel pleno non tivese aceptado ser instrutora, este expediente hoxe estaría na sombra dun caixón e nada disto sería posible. Síntese tremendamente orgullosa e satisfeita. Recordamos tamén que naquel pleno o Sr. alcalde dixo que se dende o PSOE o teñen tan claro e teñen tanta información fose ela a instrutora. Non era fácil. Saíu do pleno cunha forte carga enriba sabendo que adquirira un forte compromiso. Sabe que o traballo de Isabel Zandal, toda a excepcionalidade que a rodea por fin vai a ter o recoñecemento tan merecido no pobo que a viu nacer. Tamén quere manifestar que todo o que aconteza de aquí en adiante sabe que lle dará a razón sobre a figura de Isabel Zandal, o que vai a ser moi positivo para o pobo de Ordes. Gracias a ela Ordes vai a ter un oco a nivel nacional e internacional, como xa o tivo na semana pasada coa recollida do Premio Enfermería en Desarrollo 2016. É algo persoal, lle gustaríalle un recoñecemento e cinco segundos na recollida deste premio de toda a labor que se fixo polo POSE, que foron horas de moito traballo. O importante como di na escola que leva o nome de Isabel Zandal, sacrificio sen esperar gloria. Sabe que foi un sacrificio moi grande, sabe que hoxe se vai a traer aquí para acadar un acordo unánime que vai a ser fundamental para resaltar a figura de Isabel Zandal e que iso repercuta en algo positivo para todos os veciños de Ordes que é o que sempre pretende con todas as iniciativas que trae enriba da mesa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a Sra. Gómez Fuentes, fala moito e fala ben, non lle vai a quitar razón en moitas das cousas que di, pero cree que se están sacando cuestións de contexto. Cando o invitan a Madrid é a nivel institucional como alcalde. Cando elabora o texto da súa intervención en ningún momento se está a falar do que aquí se está a decidir, que é a posteriori. Cando o veñen a gravar a Ordes e fai a presentación do concello e da figura de Isabel Zandal para que conste no documental a visión institucional do Concello de Ordes é o primeiro que di que é coñecedor da figura de Isabel Zandal gracias a moción que trae ao pleno o Sr. Pedreira Mirás, algo que agora non vai a formar parte do documental. Iso foi así, agora estanse a sacar cousas fora de contexto que non veñen ao caso. Nin considerou adecuado contestar a afirmacións que dixo o outro día, nin o vai a facer nunca. No seu día considerou, o seu grupo considerou que si o PSOE foi quen iniciou este traballo o concluísen, foi o que no seu día se lles propuxo. Non era con outro afán, agora o interprete como queira, siga a dicir o que queira. Non vamos a chegar a ningún tipo de conclusión. Si é certo que vostede foi a que elaborou este expediente, é o que como o Alcalde de Ordes pide o aplauso para a Sra. Gómez Fuentes por sacar adiante este traballo. Sabe que nese pleno tamén lle dixo que ía ter a súa colaboración en todo o que lle pedise e a tivo.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que ten a acta do pleno na que consta que lle dixo que ía axudar en todo menos na instrución do expediente por se algo técnico, instrución que era o fundamental. O doloroso para min e que



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

nesa intervención dixo que se comprometía a subsanar o erro histórico que se cometeu con Isabel Zandal. Hai que dicir todo, por que se nese pleno se tivese negado a instruír este expediente por falta de tempo polas súas circunstancias persoais e laborais este expediente quedaría na sombra dun caixón e nunca se podería acadar un acordo. Non constaba nada facer este recoñecemento, era unha cuestión de cinco segundos, todo o mundo se merece o recoñecemento das horas de traballo que hai detrás. O que lle interesa é que o nomeamento de Isabel Zandal se faga por unanimidade. Non lle interesa este debate de medaias. Quere un acordo unánime e o mellor para os veciños de Ordes, é o que pretende sempre coas súas iniciativas, en ningún caso colgarse ningún tipo de medaia.

Intervén a Sra. García Gómez, en representante do goberno municipal, primeiramente sinala que lamenta profundamente esta discusión. O obxecto principal hoxe é o nomeamento como filla predilecta a título póstumo de Isabel Zandal. Dende o grupo de goberno propoñen que se lle outorgue ao Centro Sociocomunitario que se vai a construír na entrada do paseo Ramiro Recouso o nome de Isabel Zandal. Calquera outro tipo de honra, como as que se contemplan na moción se tomen conxuntamente co nomeamento de filla predilecta. Dende o grupo de goberno se unen aos agradecementos públicos que se fixeron ao Sr. Pedreira Mirás e ao Sr. López Mariño. Tamén queren agradecer a incomiable labor que fixeron as dúas instrutoras, Sra. Marín Pereiro e Sra. Gómez Fuentes. O grupo de goberno non se desentendeu do expediente, senón que cría que o debía facer a Sra. Gómez Fuentes, como así se demostrou. Dende o grupo de goberno solicitan un aplauso para as instrutoras do expediente.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que cando inicialmente o Sr. Pedreira Mirás presentou a moción para iniciar o expediente de nomeamento de filla predilecta albergaban dúbidas sobre si a Sra. Zandal Gómez era nada en Ordes. A través do traballo de instrución do expediente pola Sra. Gómez Fuentes, apoiado pola inmensa labor do Sr. López Mariño que fixo un arduo traballo de investigación comprobando documentos ata chegar a demostrar na documentación que acompaña ao expediente que a Sra. Zandal Gómez naceu no lugar de A Grela, en Parada. Quedando demostrada esta vinculación con Ordes apoian o seu nomeamento como filla predilecta. No tocante ás outras peticións, praca no lugar de A Grela e monolito no parque Rodríguez de la Fuente, hai que pescudar se a casa de Xacove existe, se aínda se conserva, se os propietarios o autorizan, o monolito no o ven mal. Noraboa polo traballo, é un día importante para Ordes.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que esta foi unha proposta do PSOE. Do tesón do Sr. Pedreira Mirás. Instruíu pouco tempo o expediente, non ten mérito. Non foi capaz de acreditar a naturalidade en Ordes, despois viñeron as eleccións e a súa dispoñibilidade era menor. A mellor solución foi que se instruise polo PSOE, foi unha moción deles. A Sra. Gómez Fuentes e o Sr. López Mariño fixeron un gran traballo. Están de acordo coa praca, co monolito, como se falou na Comisión Informativa.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que agradece o traballo da Sra. Marín Pereiro por ser a anterior instrutora, que fixo unha grande labor. A documentación foi difícil de conseguir, estaba espallada en moitos arquivos. Dende aquí o seu agradecemento.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría absoluta de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1. Outorgar a Isabel Zandal Gómez o título de filla predilecta a título póstumo.
2. Instalación dun monolito conmemorativo no parque infantil Félix Rodríguez de la Fuente.
3. Colocación dunha placa conmemorativa no lugar da Grela, Parada lugar de nacemento.
4. Outorgar o nome de Isabel Zandal Gómez ao edificio destinado a Centro Sociocomunitario de próxima construción en Ordes.

PUNTO SÉTIMO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2.016, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

PUNTO OITAVO: MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén, o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Desde fai xa varios anos estanse prestando varios servizos ao concello de Ordes que teñen o seu contrato vencido, o cal leva a que se produza unha prórroga tácita dos mesmos que non está permitida polo artigo 23.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 (Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público).

E recorrente ver como cada vez que se trata a Conta Xeral do concello de Ordes, o interventor emite unha serie de observacións e notas de reparo nas que, entre outros aspectos, figura esta situación irregular; e que malia o paso dos anos segue sen regularizarse.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Concretamente os servizos que seguen a prestarse ao concello de Ordes co contrato vencido son:

- Asesoramento laboral.
- Reclamación de danos.
- Limpeza da Casa da cultura.
- Limpeza do edificio da Casa consistorial.
- Limpeza de edificios municipais.
- Mantemento de colexios e pavillóns.
- Mantemento de campos de fútbol.
- Servizo de guindastre.

O concello de Ordes debe estudar cales son posibles municipalizar e no resto de casos débense sacar a concurso mediante un procedemento de contratación aberto, xa que garante a concorrència competitiva e a igualdade de oportunidades.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- O pleno da Corporación Municipal insta ao alcalde de Ordes a estudar cales destes servizos que se atopan co contrato vencido poderían ser municipalizados.
- O pleno da Corporación Municipal insta ao alcalde de Ordes a regularizar a situación destas prestacións de servizos, municipalizando os que sexan viables e iniciando un procedemento aberto de contratación nos demais casos”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o contrato de asesoramento laboral xa non existe, esta asumido polo concello a través de persoal municipal dende marzo de 2016. O estudo e municipalización estivo a desenvolverse durante os derradeiros meses polo interventor municipal, estase a traballar na elaboración dos pregos de cláusulas e de prescricións técnicas para a súa licitación. O procedemento aberto, polas contías dos contratos, é obrigatorio. En breve iniciarase a licitación mediante publicidade na páxina web municipal. Está pendente de facer un estudo máis polo miúdo do servizo de guindastre, que esta pendente de analizar. Pídelle que retire a moción, non van a votar favorablemente por que hai un traballo elaborado, en breve poderán ver que se procede a súa licitación. A moción é do BNG, vostedes deciden.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que manteñen a moción. Xa transcorreu máis dun ano, de momento non son coñecedores de ningún tipo de pregos, polo que manteñen a moción.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo coas liñas xerais desta moción. Presenta dúas liñas importantes. Non entende moi ben por que se dende o goberno xa se está a traballar nesta iniciativa por que se afirma que non se vai a votar favorablemente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que aquí se pide xa está feito, lea os puntos do acordo.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que non alcanza a entender si o traballo está feito se di que non se vai a vota a favor. Esta de acordo con esta moción por que a propia lei di que non se pode producir a prórroga tácita dos contratos e segundo por que é preciso levar a cabo un estudo de municipalización por que hai moitos sería positivo municipalizar levando a cabo un estudo rigoroso para saber se se conta coas infraestruturas materiais e humanas precisas e cales van a ser os beneficios, os pros e os contras. É un asunto controvertido que moitas veces xerou problemas na práctica. O seu total apoio para que comece e remate o máis pronto posible, se xa esta empezado o traballo que se remate o máis pronto posible.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que nalgunhas destas mocións presentadas polo BNG a veces os técnicos municipais fan informes dicindo que non é unha competencia municipal, polo que non se vai a cumprir o que se acorde, podendo votarse o que se queira por que da igual. Non recorda se houbo un seguimento deste tipo de mocións. Isto xéralle a dúbida se non son máis que brindis ao sol. Despois sáese en prensa dicindo que se leva unha moción a sabendas de que hai un informe negativo dos técnicos. Esta é unha moción coa que ao principio tiñamos as nosas dúbidas, iamos a votar a favor, vexamos que servizos son susceptibles de ser municipalizados, fágase despois un seguimento. Dado que o alcalde acaba de dicir que xa se está estudando, que se están a facer os pregos. Dende UxO van a dar un voto de confianza, uns meses, os pregos levan un tempo para a súa redacción. O seu voto vai a ser a abstención para darlle un voto de confianza ao goberno.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o estudo está feito, poden pasar pola intervención. Non convén aquí desmenuzar polo miúdo o persoal que hai en todos e cada un destes servizos e as situacións que conlevaría esta municipalización. Invita aos concelleiros a pasar pola intervención e ver este análise. Os pregos están a piques de rematarse e publicaranse en breve. Non lle pode concretar en cantas semanas. O servizo de guindastre hai que analízalo, o de reclamación de danos pola contía é outro procedemento, o de asesoramento laboral xa esta resolto. Non van a sumarse a un acordo no que se está a instar algo que xa se está facendo e que poderán ver en breve. O seu voto vai a ser negativo.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que aquí do que se trata é de propor unha iniciativa, que despois non se está de acordo, vótase ou non. Con esta moción trátase de solucionar unha situación irregular que recoñecen os propios técnicos municipais. Se ven os reparos do interventor que figuran na conta xeral. Non se indica que servizos municipalizar, so facer un estudo para ver cales son posibles, os que non haberá que sacalos novamente a contrato. Presentan esta moción por que esta situación leva varios anos así



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

e non ten traza de solucionarse. Se hai pasos que se van dando, mellor. O que se pretende con esta moción é iso. Nas contestacións da Alcaldía aos reparos que figuran na conta xeral se dicía que este ano ía estar solucionado. De momento, estamos case en decembro, e non sabemos nada deses pregos. Que van a estar en breve, mellor, é o que se pretende con esta moción. Non ven ningún inconvinte na súa aprobación.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de sete votos en contra (7 grupo político PP), catro votos a favor (3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), coas abstencións (5 grupo político UxO), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político BNG.

PUNTO NOVENO: ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Na estrada Ordes-Cerceda, ó seu paso por Mercurín, os contedores situados á beira desta, (un exemplo na foto adxunta), os días de vento, ó non estar suxeitos, chegan á estrada poñendo en serio risco a seguridade viaria.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que proceda a ancorar os contedores situados ó carón desta estrada para evitar posibles accidentes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que van a ter sesenta anclaxes no primeiro trimestre de 2017 e terase en conta esta petición nesa estrada. Non saben a data de comezo das obras, de maneira inminente procederase a adxudicación do contrato da estrada de Mercurín, incluso habería que retirar os contedores que están ao pe por mor das obras. Verase despois a mellor ubicación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que pide que se valore mentres non se poida proceder ao seu ancorado, retiralos un pouco a unha vía secundaria para evitar ese tipo de accidentes, a metereoloxía vai a ir a peor nos próximos meses.

- Na entrada ó pavillón Castelao II hai un canlón que se atopa en mal estado, xa que está roto, tal e como amosan as fotos adxuntas, provocando a imposibilidade de transitar pola beirarrúa cando chove.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que proceda á reparación deste canlón na maior brevidade posible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non se pode reparar, xa se mirou, hai que cambialo completamente. Farase na próxima anualidade.

- Dende a Agrupación Socialista de Ordes consideramos que a estabilidade laboral debe ser unha prioridade para calquera Administración.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que cando se saquen a concurso público concesións administrativas, no prego de condicións vaia incluída a subrogacións dos contratos laborais nas mesmas condicións económicas e laborais para os traballadores e traballadoras que actualmente están prestando os seus servizos.

Intervén o Sr. Alcalde, que pregunta se se municipaliza ou non.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que pregunta se se acaba de dicir que se sacaran en breve a concurso servizos que non se poden municipalizar. O que lle pide de cara a garantir a estabilidade que a todos nos gusta ter dende o punto de vista laboral é que nos pregos da concesión se teña en conta esta consideración.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que so quere saber a súa opinión.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que hai que estudar cada caso en concreto e con rigor. A municipalización ten vantaxes e tamén inconvenientes. Ver cada servizo en concreto. Por iso a moción do BNG di estudar a municipalización. Esta de acordo. Se dixeran municipalizar, non estaría de acordo. Esta é unha iniciativa positiva. Se o Alcalde a quere ter a ben o fai e se non non o fai.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que iso é algo que di vostede agora.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que o acaba de dicir coa moción do BNG.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que sinala que non dixo iso. Fará todo o que diga a lei.

- Ante as últimas informacións que nos chegaron de veciños e veciñas sobre un posible embargo do Campo de Fútbol do Mesón do Vento.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que nos informe desta situación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que quen informou desta situación foi o goberno municipal na xunta de voceiros do mes de setembro.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que a maiores recibiu preguntas dos veciños, por iso se pide que informe en que situación se atopa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que como xa dixo entón, no momento que saía o embargo persoaranse e informaranse de cal é a mellor situación para buscar unha solución axeitada para que ese campo do Mesón do Vento pase a titularidade municipal por que creen que é o máis adecuado. A situación a día de hoxe é a mesma. No BOE aínda non saíu nada publicado. Ao clube como titular do ben tamén o teñen que notificar no seu momento.

- Nas últimas semanas levouse a cabo a obra de reparación do firme do vial situado no lugar do Coruxo, en Merelle.

As fotos adxuntas amosan o estado da obra, polo que dende a Agrupación Socialista de Ordes logo de ver deficiencias na mesma, tanto nas cunetas, que son fundamentais para calquera pista, como na canalización das augas e inclusive na irregularidade do firme, tal e como amosan as fotos.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ao Concello de Ordes a que nos informe se estas obras xa están rematadas e entregadas ao Concello e van a quedar tal e como amosan as fotos adxuntas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que é a obra da subvención de parques empresariais esta rematada, rematouse no prazo que estaba fixado. A día de hoxe estanse a facer melloras que estaban acordadas. Había un límite orzamentario que non permitía facer máis actuacións. Esa obra necesita continuidade. O fin último é que se lle poida dar unha solución a unha parte da rede de pluviais. A autorización do Ministerio de Fomento chegou no día de hoxe para poder facer esa conexión. Hai unha parte que esta sen completar, e unha parte do acondicionamento do entorno que se rematou fai dúas semanas na parte que estaba financiada e



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

que necesita máis actuación. A empresa ten que facer esa parte de conexións que no seu día non estaban contempladas e que hai que seguir facendo e que se farán nos próximos meses.

- No pavillón Castelao I hai unha serie de problemas e deficiencias que nos fixeron chegar varios pais e nais de alumnos e alumnas que é preciso solucionar na maior brevidade e urxencia.

O canlón, tal e como amosa a foto, esta totalmente deteriorado.

Hai varias caixas e cables de electricidade, tal e como amosa a foto, que deberían de estar debidamente protexidos para evitar calquera accidente.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que proceda a emendar os problemas arriba descritos na maior brevidade posible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a parte do cableado esta pola zona do centro escolar, daráselle traslado á empresa de mantemento, aínda que parece ser que están perfectamente illados. A algún se lle soltaron as bridas. Xa se lle deu traslado á empresa de mantemento unha vez que presentou este rogo. O canlón ten unha pequena deformación, iso vai a subsanarse para levalo ao seu lugar.

- No pavillón Castelao II a caixa da persiana de entrada ao pavillón, tal e como amosan as fotos, está descolocada dende fai tempo e obras sen rematar.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que proceda á reparación destas deficiencias na maior brevidade posible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que onte quedou rematado, comezaron antonte, xa o coñecían. Non saben quen o descolocou, non foi unha persoa do concello.

- Chegounos á Agrupación Socialista de Ordes a foto adxunta dunha saída de vertidos no colexio Castelao, nun lugar onde xogan habitualmente os nenos e nenas. Este tipo de vertidos deberían de xestionarse doutro xeito e máis nun centro escolar, onde os nenos e nenas poden estar en contacto con eles.

Xa no pleno de marzo do ano 2013 dende a Agrupación Socialista de Ordes manifestáramos a nosa preocupación por esta situación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instamos ó Concello de Ordes a que elimine esta canalización de inmediato e que así llo comunique á Consellería de Educación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non hai ningún tipo de vertido no sentido de que non procede da instalación en si. Esa condución son augas limpas que levan aí dende a existencia do centro educativo que recollen a zona da praza, xunto á carón da cociña. A dúbida que teñen é se algunha persoa por unha mala xestión mandou algo a esa recollida polo exterior sen telo mandado ás conducións de residuais do centro e chegou alí dunha maneira puntual. Haberá que polo en coñecemento do centro para que isto no volva a suceder.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Numerosos veciños da rúa do Mediodía, alertáronnos do continuo paso de camións pesados por dita rúa, cando está prohibido o seu paso tal e como indican as sinais que están situadas nas entradas da mesma.

Na foto que se adxunta, pódese ver a un deses camións circulando pola rúa con total normalidade, concretamente esta foto é de fai unha semana.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se incremente o control do tráfico de camións nesta rúa, aplicando as sancións correspondentes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que son coñecedores, incluso se puxo unha sanción. A policía local non está alí en todo momento. Está perfectamente indicado a prohibición de circulación, é unha negligencia na circulación. Pedíralle á policía local que vaian por alí de maneira máis habitual.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, que sinala que o que esta pasando tamén é que moitos camións se están a desviar pola rúa Víctor González Faya para non esperar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se lles limitou, hai unha sinal colocada dende fai mes e medio na farola da esquina, seguen sen respectala. Haberá que insistir coas sancións.

- Veciños da parroquia de Beán puxéronse en contacto con nós para comentarnos que a fonte que hai xunta a escola, denominada coma “fonte da nosa señora” está sen auga e algo abandonada.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se solucione o problema da fonte para que esta poida funcionar con normalidade e proceder á limpeza da maleza que ten ao seu carón.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este è un tema recorrente neste pleno. A realidade é a que é. De onde procede a auga non da practicamente cota. Hai que procurar traer auga de outro punto para que permita ter aquilo con caudal suficiente durante todo o ano. Pedirase que se vaia a facer un mantemento puntual, debe ter algo de maleza. O tema do caudal hai que solucionalo, traendo auga de outro lado. Os veciños coñecen a situación

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A principios de ano, a cabalgata de Reis trasladouse ao pavillón Castelao, e moitos comercios da Vila acusaron un parón na súa actividade precisamente nun dos días do ano máis produtivos para eles.

Existe pola rúa o “ruxe ruxe” de que nesta ocasión novamente a cabalgata terá lugar no pavillón Castelao, ante o cal varios comerciantes recolleron sinaturas para que a cabalgata volva á Alameda.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no Concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que nos informe de se vai atender a petición dos comerciantes da vila e celebrar a cabalgata de reis na Alameda.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que mañá terán unha reunión cos representantes dos comerciantes. Xa tiveron unha o pasado luns que convocou o concello. Nesa reunión tomarase a decisión definitiva analizados os pros e os contras. Despois da reunión comunicárase de forma formal.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que lle pide un esforzo, esta contrastado que notan un parón. Como alternativa podían estudar na Mancomunidade comprar unha carpa. Son numerosas as ocasións nas que no ano os concellos teñen que recorrer a ela. Entende que podería ser un ben mancomún e despois so pagar os montaxes necesarios.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a petición dos comerciantes se está estudando, pero tamén hai a petición doutros sectores e xente que prefería unha cabalgata máis abrigada e resgardada. Mañá tomarase a decisión de maneira definitiva. Dende setembro xa estaba avanzada a organización, haberá que reestruturar cousas e debatelas con eles a ver de que maneira se axeitan. Mañá tomarase a decisión e darase e coñecer a través dos medios municipais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

- Segundo o artigo 7 do regulamento de organización e funcionamento da emisora municipal de Ordes, “O consello da Emisora Municipal reunirase con carácter ordinario cada tres meses (nos meses de xaneiro, marzo, xuño e outubro) ...”.

Segundo o artigo 5 do regulamento de organización e funcionamento da emisora municipal de Ordes, “o representante do movemento veciñas e asociativo no municipio de Ordes será elixido polas asociacións ou entidades debidamente inscritas no rexistro municipal de asociacións ...”, “Corresponde ó Concello convocar a todas as asociacións ou entidades con dereito a representación dun candidato a representante a votación para a elección ou renovación deste”, “O mandato do representante do movemento veciñal e asociativo será de dous anos, contados a partir da data de nomeamento. Con independencia do período de dous anos o mandato do representante do movemento veciñal finalizará co da Corporación Local”.

Segundo o artigo 10 do regulamento de organización e funcionamento da emisora municipal de Ordes, “Son funcións do director da emisora: ... 3. A asistencia as sesións do Consello, con voz pero sen voto”.

Na súa condición de voceiro municipal do BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que nos informe de cales foron os motivos do constante incumprimento da ordenanza.

A que se proceda a dar cumprimento ao regulamento da organización e funcionamento da emisora municipal de Ordes, convocando ás asociacións ou entidades con dereito a representación para escoller ao seu representante, convocando en xaneiro o Consello da Emisora Municipal e a asistencia ao mesmo do director da emisora.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non se fixo, non era habitual a celebración de sesións. Haberá que analizar que sexa necesaria unha reunión cada tres mes o Consello da Emisora Municipal. Había un representante que renunciou. Non existe a figura do director da emisora, nunca se chegou a nomear.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se non hai director haberá que nomealo para que asista ás reunións para dar coñecemento do funcionamento da radio. Os políticos non coñecen as cuestións técnicas e como mellorar este servizo, cuestións que si coñecen os profesionais. A periodicidade das sesións é cuestión de velo, se non é necesaria esa periodicidade. É preciso ter algunha reunión.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que farase unha convocatoria, unha vez resolto o tema do representante das asociacións. Para as melloras falouse co xerente e co informático municipal. Non pode concretar as datas.

Intervén a Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

- No pleno ordinario do mes de Abril solicitamos que toda a normativa municipal dispoñible na web, tamén puidese ser consultada en galego.

A resposta do sr alcalde foi que se solventaría cos “trámites de mellora da web”.

Pasado medio ano, a situación é a mesma, e diversa normativa como: “Ordenanza da posesión de animais domésticos” ou “Ordenanza de residuos urbanos” segue a estar dispoñible unicamente en español.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes fórmalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se proceda á tradución ó galego da normativa, de tal xeito que os cidadáns poidan consultala en galego.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o enlace á normativa municipal é coa web da Deputación, pediráselle a tradución. Porase en coñecemento da Deputación para solventalo canto antes.

- No pleno ordinario do mes de febreiro, aprobouse unha moción do BNG que recollía entre os seus acordos: a dotación de equipamento de primeiros auxilios a diversos espazos públicos do concello, e a promoción por parte do concello da formación da cidadanía nesta cuestión.

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes fórmalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se informe do grado de cumprimento dos acordos de dita moción.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que na parte de boitiquíns esta solventado, foi unha das cousas que fixo o técnico de deportes. A parte dos espazos cardío protexidos fóronse recollendo propostas económicas. A instalación destes equipos e formación para dez persoas vai a supor un desembolso de tres mil euros máis ive cada un deles. A intención é incluír nos orzamentos de 2017 para chegar a dúas ou tres instalacións. É prioritaria a piscina climatizada polo número de usuarios.

- O contenedor xenérico situado na Rúa Ramón Ferreiro, parece non ser abondo para depositar todo o lixo de dita clase que os veciños da zona xeran, tal e como pode verse na fotografía sacada o 31 de outubro de 2016 ás 15:00 horas.

Esta situación repítese a cotío, e o lixo acumúlase en grandes cantidades á beira dos contenedores, causando molestias os veciños da zona en forma de cheiros e ocupación da vía pública polo lixo acumulado.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

Na súa condición de representante do BNG no Concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se proceda á instalación de un novo contenedor xenérico na zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se procederá á colocación, xa se falou coa empresa que xestiona o servizo e porase nestes días.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que formula os rogos seguintes:

- Ordes conta na actualidade con dúas liñas eléctricas, unha de meirama e outra de Santiago, para o seu subministro. Por motivos descoñecidos as nosas empresas e veciños están a sufrir frecuentes cortes de luz como os que aconteceron en datas recentes.

Na súa condición de voceira municipal de UxO no Concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Que informe se se puxo en contacto con Fenosa por estes últimos apagóns.

Que medidas se van a adoptar dende o goberno para que estes cortes de luz non se volvan a producir.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hoxe mesmo houbo outro na zona de Poulo. A interlocución co delegado é moi cómoda, podes porte en contacto con el en calquera momento. O que di é que na maioría dos casos se deben a inclemencias metereolóxicas. Na noite do anterior domingo a este houbo un corte de setenta minutos na zona da Fraga, unha árbore que cae enriba do tendido, non foron capaces de dar o subministro pola parte da Pontecarreira, nin pola parte norte ata setenta minutos despois. Hai un informe de interrupcións de subministro a raíz da moción que se debateu no pleno de xuño, no que as interrupcións aboables foron dúas no ano 2016 ata o 20 de xuño e as interrupcións totais trece. A intención e sempre pedir melloras, e o que se lle trata sempre de facer ver. Os veciños da zona da Costa, Lavandeira e hacia Outeiro en Poulo queren facer unha recollida de sinaturas.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que solicita que se convoque unha comisión para tratar estes aspectos para ver como se poden subsanar. En Leira ese domingo estivemos preto de catro horas, dende as once ata as tres e media.

Intervén o Sr. González Santos, sinala que sempre houbo problemas con Fenosa, ata que no ano 2011-2012 decidiuse non pagar as facturas de Fenosa. Agora mesmo nas rúas Recreo, Vista Alegre aínda hai uns postes que tiñan que ser retirados, algo se fixo, non todo. En Ordes hai seis liñas de alta tensión. Se falla unha poden subministrar polas outras, iso non funciona. Hai que facer algo. O Concello pode non pagar Fenosa, un particular non por que lle cortan a luz.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

- Despois do anuncio de peche de Viriato e outras empresas do téxtil de Ordes, os nosos sectores produtivos cada día van a menos.

Trátase de unha perda moi importante para a economía do noso Concello. Tan só Viriato despidi a cento vinte traballadores e traballadoras.

Na súa condición de voceira municipal de UxO no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Que nos informe se a empresa pediu a súa mediación como alcalde para solicitar axudas á Xunta de Galicia para evitar o peche.

Que nos informe se como alcalde se puxo en contacto coas traballadoras e traballadores e co comité de empresa para axudalos e garantir, se é posible, o cobro dos salarios.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que dende abril a setembro se estivo facendo un seguimento por Xesgalicia e a Consellería de Industria. Xesgalicia tiña unha liña aberta para facer unha cofinanciación cos propietarios con diñeiro público para darlle viabilidade á empresa a raíz do primeiro Ere no ano 2015. A partir de aí a empresa non pediu máis axudas, foi adoptando medidas. Nunha reunión no mes de outubro avanzóusenos a realización dun Ere extintivo. A partir de aí se mantiveron reunións co administrador concursal en novembro de 2016. O día vinte de novembro houbo unha reunión con Xesgalicia, Conselleiro Industria e Directora Xeral de Emprego, Comité de Empresa e sindicatos, por todas as partes se priorizou os postos de traballo, esa mesma tarde se mantivo unha reunión cos traballadores na Casa da Cultura para darlle o apoio e información do Concello. A prioridade da Xunta son os traballadores. A principal preocupación é que a unidade produtiva non se fragmente, o empresario non amosa intención de seguir adiante coa empresa. Estase a espera de que haxa alguén que poida facerse cargo desa unidade produtiva. O administrador quere que as traballadoras teñan coñecemento da súa situación e regularizarlles a prestación de desemprego e os dereitos ante o Fogasa. Esta é a realidade da situación desta empresa.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e trinta minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO